



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

CONVOCATORIA PARA EL AÑO 2026 DE LAS AYUDAS DE APOYO A LA MOVILIDAD PARA PERSONAS CON DIVERSIDAD FUNCIONAL Y/O CON DEPENDENCIA

BDNS (Identif.): 876729

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/876729>)

ARTÍCULO 1.-OBJETO

Mediante esta disposición se convocan las ayudas a la movilidad para personas con diversidad funcional y/o en situación de dependencia para el ejercicio 2026, destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte a aquellas personas, gravemente afectadas en su movilidad, que así lo acrediten, con el objeto de lograr la plena participación en su medio habitual.

Las personas destinatarias deberán cumplir los requisitos establecidos en las BASES REGULADORAS DEL PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DE AYUDAS A LA MOBILIDAD PARA PERSONAS CON DIVERSIDAD FUNCIONAL Y/O EN SITUACION DE DEPENDENCIA publicadas en el BOP nº 237 de 15 de Diciembre de 2017.

Teniendo en cuenta el objeto y la finalidad de estas ayudas, el procedimiento de concesión se tramitará en régimen de concurrencia no competitiva, de acuerdo con lo establecido en artículo 19.2 de la Ley 9/2007, del 13 de junio, de Subvenciones de Galicia.

ARTÍCULO 2.- PLAZO Y PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES

El plazo de presentación estará abierto hasta el 31 de octubre de 2026 y, en todo caso, en el momento de agotarse el crédito presupuestario, lo que será publicado en el Boletín Oficial da Provincia mediante Resolución del órgano municipal competente.

Las solicitudes se presentarán a través del formulario normalizado, acompañadas de la documentación preceptiva.

ARTÍCULO 3.- CRÉDITO

El importe total destinado a estas subvenciones es de 50.000 € y se harán efectivas con cargo a la aplicación 231.48903 del Presupuesto Municipal de 2026, quedando condicionada su concesión a la existencia de crédito adecuado y suficiente.

La cuantía establecida en esta convocatoria podrá ser objeto de ampliación mediante resolución del órgano municipal competente y tendrá efecto después de su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia, de conformidad con lo establecido en el Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, así como en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre.

ARTÍCULO 4.- REQUISITOS

Estar empadronada y residir en el municipio de Arteixo con una antigüedad de un (1) año, anterior a la apertura del plazo de la solicitud y permanecer de alta en el Padrón de habitantes municipal mientras perciba la ayuda.

Tener reconocida la condición legal de diversidad funcional en grado igual o superior al 33%, y/o la situación legal de dependencia, mediante certificado emitido por el Organismo público correspondiente.

Tener reconocido legalmente la situación de movilidad reducida o de dificultades en el uso diario de transporte público colectivo, y que así lo acredite el Certificado emitido por el Organismo público que compete.

En el caso de que la persona solicitante esté en activo, no tener reconocido este tipo de beneficio por convenio colectivo, contrato laboral o cualquier otro título acreditativo.

No tener derecho a este servicio de modo subvencionado, o no ser susceptible de tenerlo, en la totalidad del trayecto a realizar, a través de ISFAS, MUFACE o cualquier otra entidad pública o privada

Si la persona es mayor de 18 años, no constar como titular de vehículo.

Carecer de más de un (1) vehículo en la unidad de convivencia para su conducción, y en el caso de existir, podrán solicitar esta ayuda solamente para aquellos períodos en los que, por causas sobrevenidas debidamente acreditadas, no puedan ser utilizados.

Que la renta per cápita (RPC) mensual de las personas computables, no sea superior al 175% del IPREM mensual vigente.

Estar al corriente de sus obligaciones tributarias, con la Seguridad social y con la hacienda autonómica y local, y no encontrarse inhabilitada para la obtención de subvención pública.

No superar los 35km de radio entre el Concello de Arteixo y el destino solicitado.

ARTÍCULO 5.- INSTRUCCIÓN DEL PROCEDIMIENTO Y RESOLUCIÓN

La instrucción del procedimiento corresponde al Departamento de Servicios Sociales del Concello de Arteixo. Corresponde a la Concejala Delegada en materia de Igualdad, Servicios Sociales, Sanidad y Educación, su concesión o desestimación.

ARTÍCULO 6.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA LA SOLICITUD DE LAS AYUDAS

Las solicitudes se presentarán en el Registro General del Concello de Arteixo, según el modelo oficial, acompañadas de la siguiente documentación:

DNI o NIE en vigor, del solicitante o representante, de ser el caso, siempre y cuando no obre en su Historia social municipal.

Certificado oficial de diversidad funcional y/o Dependencia en vigor, siempre y cuando no obre en su Historia social municipal.

Certificado que acredite la movilidad reducida, o tener dificultades en el uso diario de transportes públicos colectivos, mediante certificado del Organismo público que corresponda.

Declaración responsable, en el modelo oficial.

Autorización al Concello para consultar los datos a la AEAT, y de ser posible, a la Tesorería de la Seguridad social, relativos al nivel de renta de todas las personas computables, y el cumplimiento de las obligaciones de la destinataria. En el caso de oponerse, deberá hacerlo constar en el cuadro habilitado a tal efecto en la solicitud y, al mismo tiempo, aportar los documentos.

Si alguna de las personas computables, no está obligada a presentar la declaración del IRPF, o en el caso de necesitar verificación por parte del Concello, la justificación de los ingresos se efectuará mediante:

Cuando sean susceptibles de percibir pensiones, prestaciones, subsidios o similares, cualquiera que sea su origen o naturaleza (planes de pensiones, seguros privados, pensiones del extranjero y otros), certificado emitido por los organismos correspondientes, indicando la cuantía mensual, de ser el caso, o extracto bancario de los últimos doce (12) meses que así lo acredite.

En el caso de estar en edad laboral, inactivas y sin prestación, certificado de vida laboral.

ARTÍCULO 7.- SUBSANACIÓN Y REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

Cando la solicitud no reúna los requisitos señalados en el artículo 66 de la Ley 39/2015, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, o no se acompañe la documentación exigida, se requerirá a la persona interesada para que, en el plazo de 10 días, enmiende la falta o acompañe los documentos preceptivos, con indicación de que, si así no lo hiciese, se considerará desistida en su petición poniendo fin al procedimiento.

Las Bases que rigen estas ayudas no prevén la posibilidad de reformulación de solicitudes, establecida en el artículo 27 de la Ley General de Subvenciones, sin perjuicio de la corrección prevista en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

ARTÍCULO 8.- RÉGIMEN DE RECURSOS CONTRA LA RESOLUCIÓN

Contra la resolución, que pone fin a la vía administrativa, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 123 y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, y 8, 45 y 46 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, se podrá interponer recurso de reposición ante el mismo órgano que dictó el acto recurrido o recurso contencioso-administrativo ante el juzgado de lo Contencioso Administrativo, dentro del plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de la recepción de la notificación.

En caso de optar por el recurso potestativo de reposición no se podrá interponer el recurso contencioso-administrativo hasta que aquel sea resuelto expresamente o se produzca su desestimación por silencio administrativo.

ARTÍCULO 9.- VALORACIÓN

Una vez obtenida toda la documentación, el examen de las solicitudes se realizará por una Comisión de Evaluación.

Evaluadas las solicitudes siguiendo los criterios establecidos, la Comisión de valoración elevará una propuesta de concesión al órgano competente para resolver, en la que figurarán las solicitudes propuestas para obtener la ayuda y el importe para cada una de ellas.

Las resoluciones se dictarán por riguroso orden cronológico de entrada de las solicitudes hasta agotar el crédito presupuestario disponible. Para tal fin, se considerará fecha de presentación de la solicitud aquella en que conste como válidamente presentada, por tenerse cubierto en la forma correcta e ir acompañada de la totalidad de los documentos exigidos en esta disposición.

Una vez recibida la notificación de concesión de la Ayuda, la destinataria o quién la represente, deberá ponerse en contacto con el Departamento de Servicios Sociales del Concello, a fin de recibir las instrucciones necesarias para la efectividad de esta. Transcurridos tres (3) meses sin la aceptación y recepción de las instrucciones, se entenderá tácitamente que desiste de su solicitud y se archivará por caducidad.

ARTÍCULO 10.- JUSTIFICACIÓN

Los Documentos para la justificación de la Ayuda se presentarán obligatoriamente en los primeros diez (10) días de cada mes siguiente al de la prestación del servicio.

El Concello reserva para sí el derecho de comprobar, por los medios que estime oportunos, que la justificación es correcta, quedando la destinataria obligada a facilitar cuanta información sea requerida por el Departamento de Servicios Sociales para la Intervención Municipal.

ARTÍCULO 11.- PROCEDIMIENTO DE NOTIFICACIÓN Y PUBLICIDAD

Las ayudas serán notificadas, preferentemente por medios electrónicos, a cada solicitante con indicación de la causa de denegación, de ser el caso.

ARTÍCULO 12.- DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

De conformidad con la Ley Orgánica 3/2018 de 5 de diciembre, de protección de datos de carácter personal, los datos personales recogidos en la tramitación de este procedimiento, cuyo tratamiento y publicación autoricen las interesadas mediante la presentación de las solicitudes, serán incluidos en un fichero denominado "SIUSS", con objeto de gestionar el presente procedimiento e informar a las interesadas sobre su tramitación. El órgano responsable de este fichero es el Concello de Arteixo. Los derechos de acceso, rectificación, cancelación y oposición se podrán ejercer ante el Alcalde del Concello de Arteixo, mediante el envío de una comunicación a la siguiente dirección: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), o a través de un correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

ARTÍCULO 13.- REMISIÓN NORMATIVA

En todo lo no recogido en esta disposición se aplicará lo dispuesto en las Bases publicadas en el BOP número 237 de 15 de diciembre de 2017; en la Ley 39/2015, de 1 de octubre; en la Ordenanza Municipal núm. 26 Reguladora de la Concesión de Subvenciones Municipales publicada en el BOP del 23/04/2018; en la Ley 9/2007, de 13 de junio, en el Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba su reglamento; en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, y en su reglamento publicado en el Decreto 887/2006, de 21 de julio, además de toda aquella que por su materia específica sea aplicable.

DISPOSICIÓN ÚLTIMA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor el día 1 de enero de 2026.

Arteixo

12/12/2025

José Carlos Calvelo Martínez

CONVOCATORIA PARA O ANO 2026 DAS AXUDAS Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E/OU EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA CONVOCADAS POLA CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

BDNS (Identif.): 876729

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/876729>)

ARTIGO 1.-OBJECTO

Mediante esta disposición convócanse as axudas á mobilidade para persoas con diversidade funcional e/ou en situación de dependencia para o exercicio 2026, destinadas a proporcionar un medio alternativo de transporte a aquelas persoas, gravemente afectadas na súa mobilidade, que así o acrediten, co obxecto de acadar a plena participación no seu medio habitual.

As persoas destinatarias deberán cumprir os requisitos establecidos nas BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS DE Á MOBILIDADE PARA PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E /OU EN SITUACION DE DEPENDENCIA publicadas no BOP nº 237 de 15 de Decembro de 2017.

Tendo en conta o obxecto e a finalidade destas axudas, o procedemento de concesión tramitarase en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

ARTIGO 2.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación estará aberto ata o 31 de outubro de 2026 e, en todo caso, no momento de esgotamento do crédito orzamentario, o que será publicado no Boletín Oficial da Provincia mediante Resolución do órgano municipal competente.

As solicitudes presentaranse a través do formulario normalizado, acompañadas da documentación preceptiva.

ARTIGO 3.- CRÉDITO

O importe total destinado a estas subvencións é de 50.000 € e faranse efectivas con cargo á aplicación 231.48903 do Orzamento Municipal de 2026, quedando condicionada a súa concesión á existencia de crédito axeitado e suficiente.

A contía establecida nesta convocatoria poderá ser obxecto de ampliación mediante resolución do órgano municipal competente e terá efecto logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co establecido no Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, así como na Lei 38/2003, de 17 de novembro.

ARTIGO 4.- REQUISITOS

Estar empadroada e residir no municipio de Arteixo cunha antigüidade dun (1) ano, anterior á apertura do prazo da solicitude e permanecer de alta no Padrón de habitantes municipal mentres perciba a axuda.

Ter recoñecida a condición legal de diversidade funcional en grao igual ou superior ao 33%, e /ou a situación legal de dependencia, mediante certificado emitido polo Organismo público correspondente.

Ter recoñecido legalmente a situación de mobilidade reducida ou de dificultades no uso diario de transporte público colectivo, e que así o acredite o Certificado emitido polo Organismo público que compete.

No caso de que a solicitante se atope en activo, non ter recoñecido este tipo de beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo.

Non ter dereito a este servizo de modo subvencionado, ou non ser susceptible de telo, na totalidade do traxecto a realizar, a través de ISFAS, MUFACE ou calquera outra entidade pública ou privada (Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal da Xunta de Galicia, Transporte adaptado e asistido recoñecido mediante resolución do Plan individual de Atención á Dependencia (PIA en diante) da Xunta de Galicia, Percepción do subsidio de compensación de gastos de transporte da LISMI, Fundación ONCE, e outros).

Se a persoa é maior de 18 anos non constar como titular de vehículo.

Carecer de mais dun (1) vehículo na unidade de convivencia para a súa conducción, e no caso de existir, poderán solicitar esta axuda soamente para aqueles períodos nos que, por causas sobrevidas debidamente acreditadas, non poidan ser utilizados.

Que a renda per cápita (RPC) mensual das persoas computables, non sexa superior ao 175% do IPREM mensual vixente.

Estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa seguridade social e coa facenda autonómica e local, e non atoparse inhabilitada para a obtención de subvención pública.

Non superar os 35km de radio entre o Concello de Arteixo e o destino solicitado.

ARTIGO 5.- INSTRUCIÓN DO PROCEDIMENTO E RESOLUCIÓN

A instrución do procedemento corresponde ao Departamento de Servizos Sociais do Concello de Arteixo. Corresponde á Concelleira Delegada en materia de Igualdade, Servizos Sociais, Sanidade e Educación, a súa concesión ou desestimación.

ARTIGO 6.- DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A SOLICITUDE DAS AXUDAS

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Arteixo, segundo o modelo oficial, acompañadas da seguinte documentación:

DNI ou TIE en vigor, da solicitante ou representante, de ser o caso, sempre e cando non obre na súa Historia social municipal.

certificado oficial de diversidade funcional e /ou Dependencia en vigor, sempre e cando non obre na súa Historia social municipal.

certificado que acredite a mobilidade reducida, ou ter dificultades no uso diario de transportes públicos colectivos, mediante certificado do Organismo público que corresponda.

Declaración responsable, no modelo oficial.

Autorización ao Concello para consultar os datos á AEAT, e de ser posible, á Tesourería da Seguridade social, relativos ao nivel de renda de todas as persoas computables, e o cumprimento das obrigas da destinataria. No caso de opoñerse, deberá facelo constar no cadro habilitado para tal efecto na solicitude e, ao mesmo tempo, achegar os documentos.

Se algunha das persoas computables, non está obrigada a presentar a declaración do IRPF, ou no caso de precisar verificación por parte do Concello, a xustificación dos ingresos efectuarase mediante:

Cando sexan susceptibles de percibir pensións, prestacións, subsidios ou similares, calquera que sexa a súa orixe ou natureza (plans de pensións, seguros privados, pensións do estranxeiro e outros), certificado emitido polos organismos correspondentes, indicando a contía mensual, de ser o caso, ou extracto bancario dos últimos doce (12) meses que así o acredite.

No caso de atoparse en idade laboral, inactivas e sen prestación, certificado de vida laboral.

ARTIGO 7.- SUBSANACIÓN E REFORMULACIÓN DE SOLICITUDES.

Cando a solicitude non reúna os requisitos sinalados no artigo 66 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou non se acompañe a documentación esixida, requirirase á persoa interesada para que, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, considerárase desistida na súa petición poñendo fin ao procedemento.

As Bases que rexen estas axudas non prevén a posibilidade de reformulación de solicitudes, establecida o artigo 27 da Lei Xeral de Subvencións, sen prexuízo da corrección prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ARTIGO 8.- RÉXIME DE RECURSOS CONTRA A RESOLUCIÓN

Contra a resolución, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e 8, 45 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto recorrido ou recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da recepción da notificación.

En caso de optar polo recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou produciuse a súa desestimación por silencio administrativo.

ARTIGO 9.- VALORACIÓN

Unha vez obtida toda a documentación, o exame das solicitudes realizarase por unha Comisión de Avaliación.

Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos, a Comisión de valoración elevará unha proposta de concesión ao órgano competente para resolver, na que figurarán as solicitudes propostas para obter a axuda e o importe para cada unha delas.

As resolucións ditaranse por rigorosa orde cronolóxica de entrada das solicitudes ata esgotar o crédito orzamentario dispoñible. Para tal fin, considerarase data de presentación da solicitude aquela en que conste como validamente presentada, por terse cuberto na forma correcta e ir acompañada da totalidade dos documentos exixidos nesta disposición.

Unha vez recibida a notificación de concesión da Axuda, a destinataria ou quen a represente, deberá poñerse en contacto co Departamento de Servizos Sociais do Concello, a fin de recibir as instrucións necesarias para a efectividade desta. Transcorridos tres (3) meses sen a aceptación e recepción das instrucións, entenderase tacitamente que desiste da súa solicitude e arquivarase por caducidade.

ARTIGO 10.- XUSTIFICACIÓN

Os Documentos para a xustificación da Axuda presentaranse obrigatoriamente nos primeiros dez (10) días de cada mes seguinte ao da prestación do servizo.

O Concello reserva para si o dereito de comprobar, polos medios que estime oportunos, que a xustificación é correcta, quedando a destinataria obrigada a facilitar canta información sexa requirida polo Departamento de Servizos sociais para a Intervención Municipal.

ARTIGO 11.- PROCEDEMENTO DE NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE

As axudas serán notificadas, preferentemente por medios electrónicos, a cada solicitante con indicación da causa de denegación, de ser o caso.

ARTIGO 12.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018 do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais recollidos na tramitación deste procedemento, cuxo tratamento e publicación autoricen as interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado "SIUSS", co obxecto de xestionar o presente procedemento e informar as interesadas sobre a súa tramitación. O órgano responsable deste ficheiro é o Concello de Arteixo. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante o Alcalde do Concello de Arteixo, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Rúa Alcalde Ramón Dopico, núm. 1, 15142 Arteixo (A Coruña), ou a través dun correo electrónico a alcaldia@arteixo.org.

ARTIGO 13.- REMISIÓN NORMATIVA

En todo o non recollido nesta disposición aplicarase o disposto nas Bases publicadas no BOP número 237 de 15 de decembro do 2017; na Lei 39/2015, do 1 de outubro; na Ordenanza municipal núm. 26 reguladora da concesión de subvencións municipais publicado no BOP do 23/04/2018; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento; na Lei 38/2003, de 17 de novembro, General de Subvenciones, e no seu regulamento publicado no Decreto 887/2006, do 21 de xullo, ademais de toda aquela que pola súa materia específica sexa aplicable.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.- ENTRADA EN VIGOR

Esta convocatoria entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2026.

Arteixo

12/12/2025

José Carlos Calvelo Martínez

2025/8522